

# Orde e Caos

## Fragmentos do inaprehensible

DOLORES MARTÍNEZ TORRES

Co presente título, Vitor Vaqueiro vén prolongar *O soño dirixido* (1992): apenas corrixido, pero si aumentado con catro novos contos. En todos, o autor incide en temas inevitables do seu “restrito e particular panteón”: a morte, o tempo, o soño e a memoria, xunto con esoutro “catálogo de obsesións” que o acompañan e que inclúe os paradoxos da historia, as relacións de poder, a duplicidade do ser ou a posibilidade de acadar -e ata de transmitir mediante o imperfecto instrumento da palabra- o coñecemento do real.

No ronsel do “sempre imprescindibile” Borges, os relatos propoñen variantes sobre argumentos previos - mesmo o ontolóxico de San Anselmo, virado aquí a ornitolóxico-, e realidades que violan a lóxica lineal: velaí o xogo, o soño e mais a maxia coma territorios convencionalmente falsos -malia seren intrinsecamente verdadeiros- nos que se asume certa a única verdade de que “todo é mentira”. Orde e caos

sucédense en “regular permuta” de ciclos -e cicloides- nos que se insiren biografías de individuos que son un é á vez son outros, protagonistas de soños propios ou alleos. A eternidade concéntrase nun ínfimo relampo, mentres se expande o instantáneo ata voltar sobre si mesmo, invertido e multiplicado nos espellos; e, así, nesta multiplicidade de planos e existencias, os fragmentos físicos do inaprehensible cumpren un papel de

desacougantes testemuñas, capaces de influír nos mecanismos da memoria; uns mecanismos que, como se deduce do premeditado poltergeist -vingativa ma-

dalena de Proust- descrito nun dos contos, non sempre son metafóricos.

O texto é paradigma dun estilo persoal, cun léxico desafecto ás normativas, profuso en adxectivos e ás veces cegador -hai quen dí que ata o desánimo- na súa densidade, mais ricaz e consistente, e despojado -o que é de agradecer- desa didáctica para adolescentes que con tanta frecuencia exuda a literatura actual.

VAQUEIRO, Vitor, *O soño (re)dirixido*, Ed. Galaxia, Vigo, 2010, PVP.18 €

